

Co obxectivo de fomentar as iniciativas de protección do territorio, a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas–Betanzos, xunto coa Fundación Fragas do Mandeo, organiza a *IV Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*, na que se desenvolverán conferencias e accións de voluntariado ambiental.

Esta cuarta edición ten como fin que a cidadanía coñeza a ameaza das especies exóticas invasoras, consideradas como unha das principais causas de perda de biodiversidade no planeta. O obxectivo é sentar as bases dunha estratexia que permita abordar este grave problema na reserva da biosfera, mostrando as características das especies ás que nos enfrontamos, os impactos que están causando e os métodos para eliminalas. Para elo contaremos con expertos na materia e con técnicos das administracións locais con experiencia na súa erradicación.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas–Betanzos é unha organización sen ánimo de lucro constituída no ano 2008 coa finalidade de agrupar ás entidades interesadas en promover o desenvolvemento rural no territorio das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Xestiona actualmente o Programa LEADER 2014-2020 e acadou no ano 2013 a declaración de reserva da biosfera para a comarca.

Fragas do Mandeo é unha entidade de custodia do territorio non gobernamental e non lucrativa. Ten creado o fondo de conservación da natureza da comarca de As Mariñas, que lle permite adquirir fincas de interese ambiental para a protección a perpetuidade dos hábitats naturais. Deste xeito, coida da paisaxe e dos bosques, asegurando un futuro para as especies de animais e plantas que conforman a biodiversidade destes ecosistemas.

XORNADA

SÁBADO 19-9-2015

Especies exóticas invasoras: Un reto para a custodia do territorio

Salón Azul do Liceo de Betanzos

Presentación

9:30

D. Ramón García, alcalde de Betanzos

D. José Antonio Santiso, presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos

D. Fernando Bandín, presidente do padroado de Fragas do Mandeo

Conservando a biodiversidade mediante a custodia

10:00

D. Fernando Bandín, presidente do padroado de Fragas do Mandeo

A eliminación de especies exóticas invasoras é un dos eixos de actuación de Fragas do Mandeo. No seu quinto aniversario fai balance das campañas realizadas e dos acordos de custodia cos que garante a preservación dos hábitats naturais e da paisaxe.

Flora invasora: tan fermosa como perigosa

10:30

D. Jorge Mouriño, Arcea Xestión de Recursos Naturais

Boa parte das invasoras son plantas exóticas utilizadas en xardinería pola súa fermosura e adaptación ó noso clima. Outras adornaron os acuarios antes de escapar a zonas húmidas. A facilidade para localizalas debería estimular a súa erradicación sistemática.

Fauna invasora: un exército en marcha

11:15

Dra. Lucía Latorre, Seychelles Islands Foundation

A eliminación da fauna exótica invasora é moi complexa e custosa, polo que son esenciais accións inmediatas tras alertas temperás. A inxenuidade de ceibar animais no monte provoca cascadas de problemas. Outras especies chegan como inadvertidos polísonos.

Pausa

12:00

Oleiros: liderando a loita contra as invasoras

12:30

D. Eliseo Zaera, Departamento de Parques e Xardíns, Concello de Oleiros

Oleiros encabeza en Galicia a loita contra a invasora máis conspicua: os plumachos. Aproveitando as posibilidades da normativa de ámbito municipal, aplicando técnicas eficaces para eliminalos e coa aceptación da veciñanza, van acadando resultados significativos.

Miño: coordinados coa custodia na erradicación

13:00

D^a. Natividad Gilsanz, Técnico de Medio Ambiente, Concello de Miño

O Concello de Miño está a eliminar diversas plantas invasoras, principalmente na súa costa, un hábitat moi sensible. Actúa en coordinación con Fragas do Mandeo, demostrando a eficacia da colaboración entre a Administración e as ONG neste eido.

Mesa redonda: Estratexias diante do problema

13:30

D. Jorge Blanco, xestor da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

D. Eliseo Zaera, Departamento de Parques e Xardíns, Concello de Oleiros

D^a. Natividad Gilsanz, Técnico de Medio Ambiente, Concello de Miño

Moderador D. Juan Neira, secretario do padroado de Fragas do Mandeo

A loita contra as especies exóticas invasoras precisa dunha estratexia intelixente, coa implicación dos particulares e das Administracións. As invasoras non coñecen de límites administrativos, polo que é necesario afrontar o problema especie a especie baseándonos no seu comportamento biolóxico e coordinando accións entre concellos limítrofes. A cooperación da cidadanía é clave, mediante accións directas nas súas parcelas, participando no voluntariado, ou suprimindo prácticas que favorecen o seu espallamento.

ECO-REGATA NA RÍA DE BETANZOS

DOMINGO 20-9-2015

Competición lúdica de embarcacións recollendo lixo na xunqueira

Nesta segunda edición queremos bater o récord do ano pasado. Non competimos por ser o máis veloz: a partires das 16:30 horas a rivalidade será por coidar a ría. As embarcacións loitarán por ver cal é a que máis lixo recolle e a que atopa o residuo máis singular. A saída e a meta estarán no porto de Betanzos, onde haberá comida, bebida, música e actividades infantís. Colaboran Amigos dos Ríos de Betanzos, Lar de Unta, Roxín Roxal e Casa Castillo. Ponte en contacto connosco se desexas participar, aínda que non teñas lancha.

XORNADA DE VOLUNTARIADO

SÁBADO 26-9-2015

Limpeza de invasoras e lixo na praia da Alameda

Imos xuntarnos de novo nesta praia de Ponte do Porco para facer voluntariado ambiental durante toda a mañá. Apadriñámola dende 2009, eliminando os plumachos e outras especies exóticas invasoras que nacen tódolos anos na súas dunas, e de paso recoller o lixo que as mareas deixan nela. Esta praia forma parte do espazo natural protexido Betanzos-Mandeo, sendo a que ten un maior valor ecolóxico entre tódolos seus areais. Contamos coa colaboración do Concello de Miño. Ponte en contacto connosco se queres participar.

XORNADA DE VOLUNTARIADO

DOMINGO 27-9-2015

Limpeza simultánea dos ríos galegos

Esta xornada de voluntariado celébrase o mesmo día en ríos de toda Galicia, chegando a xuntarse 54 entidades o ano pasado. Invítamosche a participar nesta oitava edición coa recollida de lixo no río Mendo dende a ponte das Moas até a de Taibo. Será unha magnífica forma de coñecer este río, comprometéndonos na súa conservación e gozando da paisaxe nunha ruta de 8 km que nos ocupará toda a mañá. De haber xente dabondo, dividirémonos en grupos para cubrir máis zonas. Ponte en contacto connosco se queres participar.

INDIQUE A ACTIVIDADE NA QUE DESEXA INSCRIBIRSE

- Día 19. Xornada *Especies exóticas invasoras*
- Día 20. Eco-regata na ría de Betanzos
- Día 26. Voluntariado na praia da Alameda
- Día 27. Voluntariado na limpeza simultánea de ríos

Apelidos e nome:

.....

DNI:

Enderezo:

.....

Código postal:

Localidade:

Teléfono fixo e móbil:

Profesión:

Institución ou entidade:

.....

Correo electrónico:

Prazas limitadas. Reserva praza enviando o boletín de inscrición a:

info@marinasbetanzos.org

Tel.: 981 669 541

Non esquezas cancelar a túa reserva no caso de non poder participar nas accións de voluntariado: así nos aforras gastos nos seguros.

Conforme á LOPD, a información recollida relacionada cos datos de carácter persoal non será utilizada para fins que non sexan os estritamente vinculados ao seu cometido, engadindo ademais a absoluta confidencialidade e exclusividade, quedando prohibida a calquera persoa a súa revelación, copia, distribución ou exercicio relacionado co seu contido.

A custodia do territorio é unha fórmula de actuación na que os propietarios e mailos usuarios do territorio implícanse na conservación e no uso dos valores e dos recursos naturais, culturais e paisaxísticos.

A Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, declarada en maio de 2013, ten como obxectivo compatibilizar a conservación dos espazos naturais máis valiosos do territorio co desenvolvemento sostible.



iniciativa xove
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Xuventude
e Voluntariado

**ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS**

San Marcos s/n; 15318 Abegondo

Tel.: 981 669 541

info@marinasbetanzos.org

www.marinasbetanzos.org

FRAGAS DO MANDEO

Lg. Vilar de Costoia nº 123; 15380 Oza-Cesuras

Tel.: 981 105 903

correo@fragasdomandeo.org

www.fragasdomandeo.org

www.facebook.com/voluntariadomandeo

Especies exóticas invasoras: Un reto para a custodia do territorio

Do 19 ó 27 de setembro de 2015

IV SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS
E TERRAS DO MANDEO

